



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES "C" E RESUMO DAS PUNTUACIÓNS FINAIS.

En Pontecesures a vinte e oito de xuño de dous mil trece.

Na Consistorial do Concello de Pontecesures, sendo as doce horas se constitúe a Mesa de Contratación, para a adxudicación do contrato de servizos da Escola Infantil Municipal, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, integrada por Dona Cecilia Tarela Barreiro, terceira Tenente de Alcalde, que actuará como presidenta, Dona M^a Trinidad Rodríguez Suárez, secretaria-interventora da corporación, D. Arturo Ferro González, Concelleiro Delegado de Facenda, D. Roque Luís Araújo Rey, Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Educación e Deportes, Dona Raquel López Doce, traballadora social, que actuarán como vogais, actuando de secretario o funcionario da Corporación D. Ricardo Campos Saborido, que da fe do acto.

Así mesmo, asisten representantes de dúas das empresas que presentaron proposicións, e que son "Fundación de Estudios e Análises" (FESAN)" e "Clece, S.A."

Constituída a Mesa, o secretario procede a dar lectura á acta anterior correspondente ao exame e avaliación da documentación dos sobres "B", informando sobre a puntuación total obtida por cada unha das proposicións no referido sobre "B".

A continuación, a presidente ordena a apertura dos sobres "C" de cada unha das catro proposicións presentadas segundo a certificación unida ao expediente, sendo o prezo ofertado por cada unha delas o seguinte:

- Fundación de Estudios e Análises (FESAN)..... 152.800 € ano
- Ana Naya García, S.L. 154.400 € ano
- Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A..... 159.000 € ano
- Clece, S.A. 155.000 € ano

Quedan unidas á presente acta copias das ofertas económicas presentadas.

Seguidamente, procédese a realizar o cálculo reflectido na cláusula décimo primeira, apartado B.- Criterios cuantificables automaticamente (sobre "C"), obténdose a seguinte puntuación referida ao citado sobre "C":

- Fundación de Estudios e Análises (FESAN)50 puntos
- Ana Naya García, S.L.....49,48 puntos
- Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A.48,05 puntos
- Clece, S.A.49,29 puntos

De conformidade co Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a contratación do servizo da “Escola Infantil 0-3 Municipal de Pontecesures”, procédese a realizar o resumo da puntuación final obtida por cada proposición, que é a suma da puntuación dos sobres “B” e “C”:

PROPOSICIÓN	SOBRE “B”	SOBRE “C”	PUNTUACIÓN FINAL
Fundación de Estudios e Análises (FESAN)	44	50	94
Ana Naya García, S.L.	19	49,48	68,48
Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A.	23	48,05	71,05
Clece, S.A.	29	49,29	78,29


Á vista do exposto, a Mesa de Contratación propón á Xunta de Goberno Local adxudicación do servizo da “Escola Infantil 0-3 Municipal de Pontecesures” á “Fundación de Estudios e Análises (FESAN)”, por cumprir os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas e por obter a puntuación máis alta.

Finalmente a presidenta dá por rematada esta reunión sendo ás trece horas e cinco minutos, estendéndose a presente Acta, que tras a súa lectura asina a Mesa de Contratación do que, como Secretario, certifico.


A mesa de contratación:




Asdo.: Cecilia Tarela Barreiro




Asdo.: M^a Trinidad Rodríguez Suárez




Asdo.: Arturo Ferro González



Asdo.: Roque Luís Araújo Rey



Asdo.: Raquel López Doce



Asdo.: Ricardo Campos Saborido